

A morte de Galicia

Isidro Dubert (ed.)



Deseño de cuberta: Miguel Vigo
Imaxe de cuberta: Manuel G. Vicente

1ª edición: outubro 2019

© os autores e as autoras, 2019
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2019
Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo
xerais@xerais.gal
<http://www.xerais.gal>

ISBN: 978-84-9121-590-5
Depósito legal: VG 484-2019

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

LIMIAR

Os distintos capítulos deste libro constitúen un exercicio de historia crítica consistente en contrastar o pasado e o presente, o que foi e o que se nos di que é e será o país nun futuro inmediato. Un exercicio que toma como referencia esa estraña idea da «morte de Galicia» que dende hai máis dunha década vén sendo difundida pola prensa, radio e televisión mediante o emprego de conceptos ideolóxicos como os de «catástrofe demográfica», «sangría demográfica», «declive demográfico», «inverno demográfico», «suicidio demográfico», «baleiro demográfico»..., e tras os que se atopa o natalismo. Unha ideoloxía de carácter transversal no plano político, conservadora no eido social, obsesionada pola natalidade, pola valorización social do rol da muller como esposa e nai e pola defensa da familia tradicional e numerosa. Unha ideoloxía caracterizada, ademais, pola súa insistente prédica da pronta apocalipse demográfica, económica, social e cultural que se abaterá sobre Galicia e da que son responsables as mulleres, por negarse a ter o número de fillos que realmente deberan ter, e non os que elas queren ou poden, e os vellos, por empeñarse en vivir máis tempo do que lles toca.

Nado en Francia hai máis dun século, o natalismo chegou a Galicia da man das nosas elites políticas e sociais pouco antes de 2005-2006, se ben, posteriormente, estas alentaron a súa rápida e ampla difusión social a través do patrocinio outorgado, primeiro, a unha curta pero intensa campaña de propaganda desenvolvida entre 2011 e 2013, e logo, a un permanente e repetido martelleo sobre as nosas cabezas dos seus principios básicos a través dos medios de

comunicación. Neste senso, varias cousas chamaron poderosamente a atención dos historiadores.

Primeiro, que á marxe de quen gobernase, a Xunta fose a principal inspiradora e impulsora da chegada e prédica do natalismo en Galicia. Segundo, a serie de complicitades mediáticas, sociais, culturais e políticas coas que contou para facer efectiva esa prédica. Terceiro, que o desenvolvemento da mencionada campaña de propaganda, os seus *tempos*, como o posterior mantemento e presenza na vida social dos temas que a conformaron, seguise, no básico, o modelo das campañas que o natalismo puxera en práctica en Francia entre 1870 e 1940. Cuarto, que a súa aparición e difusión no seo da sociedade galega coincidise no tempo co inicio da nova vaga emigratoria que está a padecer Galicia. Quinto, que no mesmo momento en que os contidos desta ideoloxía comezaban a ser espallados socialmente polas autoridades e os seus agoireiros, unhas e outros evitasen falar ou referirse á existencia da emigración, quer no plano histórico quer na actualidade, procedendo deste xeito a realizar unha relectura da realidade demográfica e social do presente que, paradoxalmente, nega o peso que sobre el ten un pasado no que tanto a citada emigración como a importancia social e familiar da vellez xogaron un papel determinante.

Deixando agora á marxe a valoración social e familiar da vellez, ese esquecemento reiterado da emigración e ese intento por crear un «relato» histórico *a futuro* dende o presente sen contar coa súa presenza e importancia no pasado resultan francamente sorprendentes, máxime cando se estima que á altura de 2015 había preto de 380.000 galegos afectados por ela, e deles, aproximadamente, un de cada dous con estudos medios ou superiores. Son a faciana máis evidente da quinta vaga emigratoria que ten golpeado Galicia ao longo da súa historia, ou se se quere, a terceira que esta sofre nos últimos cento cincuenta anos. En contra do que cabería pensar, estas tres últimas vagas non se sucederon a razón dunha cada medio século, visto que entre a de 1950-1975 —na que se calcula saíron do país preto de medio millón de persoas— e a que comeza a producirse a mediados da década do 2000, apenas si pasaron pouco máis de trinta anos.

Foron estes, cómpre recoñecelo, anos nos que Galicia experimentou mudanzas salientables no eido económico e social, caso por exemplo da progresiva perda de importancia que coñeceu o sector primario, da paulatina tendencia da poboación a concentrarse nas vilas e cidades ou da expansión que nelas coñeceu o sector servizos. Moitos destes cambios foron posibles grazas á recepción dende 1986 de cuantiosas axudas europeas, as cales, como é sabido, buscaban fomentar a cohesión, o desenvolvemento e a converxencia económica e social de Galicia coas rexións máis avanzadas de Europa. Entre outras cousas, axudando a adaptar o seu sistema produtivo a actividades de alto valor engadido, propiciando o nacemento dun tecido empresarial orientado á innovación e creando oportunidades para aumentar a participación dos mozos e mozas no mercado laboral. Por esta razón, e tras os centos de millóns investidos neste senso, o desencadeamento da terceira vaga emigratoria que está a sacudir a Galicia contemporánea, a primeira da democracia, situada a trinta anos da de 1950-1975, non deixa de ser rechamante. E moi en particular para todas as persoas que están afectadas por ela, as cales, xunto coas súas familias, non deixan de preguntarse onde están os efectos deses fondos europeos, en que se investiron os cartos, como se xestionaron ou quen se leva beneficiado deles.

Diante da existencia desta terceira vaga, e logo do diñeiro gastado, non debe ser doado para as elites económicas e sociais do país explicarlle ao común dos galegos e galegas o porqué da mesma. Máis aínda se temos en conta que a emigración é un comportamento poboacional —con implicacións demográficas, obviamente— que sitúa a súa orixe nas eivas e nas diferenzas económicas e sociais que condicionan ou impiden a materialización das expectativas vitais e sociais dos individuos e das súas familias nos seus respectivos lugares de nacemento. De aí que diante da imposibilidade de facelo na súa terra, os galegos e as galegas marchen dela. A emigración non é algo que estea pois no seu ADN, nin é o reflexo do seu espírito inquieto e aventureiro, como acotío cacarexa a prensa, senón a proba máis clara e evidente de que, e despois deses centos de millóns de euros

européos investidos en Galicia para evitalas, as eivas e as diferenzas económicas e sociais que a orixinan seguen hoxe tan vivas nela como hai trinta ou máis anos. Xa que logo, podería dicirse que o inicio desta terceira vaga emigratoria da época contemporánea, insistimos, a primeira da democracia, sería a máis clara expresión do fracaso histórico que coñece o proxecto de país sostido polas elites económicas e sociais que veñen gobernando os destinos de Galicia dende a morte de Franco. Un fracaso que, expresado en termos sociais, para elas non é tal. A fin de contas, esas elites non adoitan emigrar, consolidáronse no pasado como caste económica e social, entre outras cousas, grazas aos beneficios que tiraron da mencionada emigración, e teñen garantida hoxe a súa posición e o seu predominio económico e social en Galicia grazas ao mantemento e funcionamento dun mecanismo que fai posible a sistemática expulsión dunha parte significativa da súa poboación; neste caso, a composta polos integrantes da xeración mellor formada que nunca antes tivo Galicia.

Diante desta realidade, e antes de recoñecer ou de explicar o fracaso do seu proxecto de país, as nosas elites optaron, unha vez máis, por volver a facer ese clásico exercicio de hexemonía cultural ao que xa nos teñen acostumados. Así, non dubidaron en proceder a importar e difundir socialmente ese rancio natalismo de inspiración francesa dende as institucións políticas, administrativas e culturais que controlan coa inestimable axuda dos medios de comunicación que acotío subvencionan, sementando deste xeito no presente as bases da que debera ser a futura «historia oficial» de Galicia. Nela, dinnos, non haberá emigración, nin vellos sós e miserentos, nin mulleres sen fillos, polo que amosa ser «unha historia» construída a partir da negación ou do agocho interesado de aspectos clave do noso pasado colectivo. Aspectos como, por exemplo, o enorme peso e influencia que sobre a configuración do presente que estamos a vivir tivo, e ten, a importancia social e familiar da vellez; a aberrante persistencia secular das desigualdades económicas e sociais que propician e alentan a emigración; a forte pegada desta no desenvolvemento demográfico, económico, social ou cultural do país; ou a

indiferenza que cara a ela amosaron, e amosan, as clases sociais que histórica e socioloxicamente se beneficiaron, e benefician, dela.

A resposta a este peculiar intento por sentar as bases dunha futura «historia» de Galicia é a que move este exercicio de historia crítica, na que os distintos autores que participan nel daranlle conta ao lector do que a día de hoxe sabemos sobre a vellez e a emigración no pasado, poñendo así de manifesto, nese sinxelo contraste que el mesmo poderá facer entre ese pasado e o que sobre a unha e a outra se lle está a contar acotío nos medios de comunicación, que ningunha das dúas ten nada que ver con esa pretendida «morte de Galicia». Deste xeito comprobará de primeira man a importancia que o coñecemento da nosa historia ten á hora de permitírnos comprender e pensar criticamente o presente no que vivimos, o que é unha condición indispensable para poder chegar a intuír cal podería ser o noso posible inmediato futuro, por outra banda, sempre aberto, sempre imprevisible.

Os distintos capítulos deste libro seguen unha ordenación cronolóxica e, na nosa opinión, esta debería ser a lectura que se realizase dos mesmos, se ben o lector pode optar tamén por facer unha lectura intercalada ou aleatoria deles, o que non lle suporá ningún problema. Mais a sucesiva lectura dos mencionados capítulos entendemos ten a vantaxe de permitirlle ir tomando conciencia de xeito paulatino da estreita relación que a emigración e a vellez mantiveron entre si e con aspectos moi relevantes da historia económica, social, política, familiar e demográfica de Galicia. É dicir, malia ser ambas as dúas dous eixos centrais da nosa historia non se explican nin se entenden por si mesmas, máxime cando este non é un libro sobre a historia da emigración e a historia da vellez, senón, polo contrario, un intento de amosar a capacidade de vertebración que a emigración e a vellez tiveron do noso pasado e, xa que logo, para configurar o noso presente. Por exemplo, a lectura que recomendamos coidamos axudaría ao lector a apreciar a paulatina forza e relevancia que a mencionada vellez acadou ao longo das idades media, moderna e contemporánea, nas que os nosos maiores foron quen de incidir con forza sobre o desenvolvemento da vida social, familiar e cultural de

Galicia en planos e facetas moi relevantes da nosa historia, algúns dos cales mesmo forman parte da identidade galega, a que, como se verá, é unha identidade plenamente europea.

Pola mesma, apreciaríamos tamén como a emigración contribuíu a incrementar o paulatino protagonismo das mulleres na vida económica, social e familiar das súas respectivas comunidades; a acentuar o avellentamento da poboación en amplas zonas de Galicia; a dar lugar ao nacemento e consolidación de novas clases sociais, pouco ou nada interesadas en que unha situación emigratoria que as favorecía e enriquecía mudase; a aumentar a conciencia de seu dos galegos na diáspora; a debilitar os fundamentos da lingua e da súa fala na Terra; a sentar as bases para a diminución da fecundidade, isto é, do número medio de fillos por muller; a converterse na escusa perfecta para intervir e manipular a vida política da Galicia contemporánea; a exacerbar o grao de avellentamento da poboación galega a comezos do século XXI, o que, chegado o caso, alentou a actual privatización dos servizos públicos de atención aos maiores e a prédica desa apocalipse demográfica e social que, segundo os seus agoireiros, culminará coa suposta «morte de Galicia». E non só iso, senón que a perspectiva histórica que empregaremos nos permitirá mesmo remontarnos no tempo até as orixes do país, onde poderemos ver os efectos que as saídas dos seus habitantes e as chegadas e asentamento nel de novas poboacións tiveron na conformación da *Gallaecia* romana grazas a procesos de aculturación de corte netamente europeo.

En suma, un exercicio de historia crítica que entendemos é necesario, mesmo urxente, se se queren combater os perversos efectos que para a sociedade galega e para a Historia como ciencia social se derivan da posta en práctica dese torpe e rancio exercicio de hexemonía cultural ao que nos temos referido, o cal pasa por traer a Galicia e á vida dos galegos ideoloxías trasnoitadas que negan as claves do seu pasado e, xa que logo, do seu futuro como país, como pobo e como cultura.

Isidro Dubert
Na Coruña, xuño de 2019

ÍNDICE

Limiar	7
Agoiros e agoireiros da morte de Galicia [Isidro Dubert]	13
Galicia romana <i>versus</i> Galicia celta. Nas orixes do nacemento dun país [Francisco X. González García]	66
Viaxe ao país dos vedraños na Galicia medieval [Xosé Miguel Andrade Cernadas]	95
Emigración e empoderamento feminino na Galicia da Idade Moderna [Ofelia Rey Castelao]	115
Rexa, vizosa e poderosa. A vellez na Galicia do Antigo Réxime [Isidro Dubert]	138
Traficantes de soños. Os beneficiados da emigración a América [Raúl Soutelo Vázquez]	172
Estereotipos e debates sobre a emigración galega [Ramón Villares]	202
Antes e agora. Emigración e avellentamento na Galicia contemporánea [Julio Hernández Borge]	228
Vellos e asistencia social na Galicia rural en tempos do franquismo [Daniel Lanero Táboas]	249

Lingua galega e emigración Galicia - Bos Aires	
[Henrique Monteagudo]	270
Emigración e manipulación electoral na Galicia autonómica	
[Anxo Lugilde]	299
Apocalipse demográfica na Galicia actual.	
Que hai tras o medo ao avellentamento?	
[Antía Pérez Caramés]	336
Quebra ou sostibilidade? As políticas asistenciais	
á vellez en Galicia	
[Melchor Fernández]	363
Para saber máis	385

A morte de Galicia

Isidro Dubert (ed.)

A obsesión que o groso das elites sociais, políticas e culturais amosan dende hai máis dunha década polo suposto «inverno demográfico» que asola Galicia, coincide no tempo co inicio da quinta vaga emigratoria que sacode o país ao longo da súa historia. É a primeira da democracia, pasados trinta anos da ocorrida en 1950-1975, despois do gasto de cuantiosas axudas europeas destinadas dende 1986 a crear emprego, e afecta xa a máis de 380.000 mozos e mozas, un de cada dous con estudos medios ou superiores. A resposta das autoridades galegas a esta importante perda de capital humano e do seu potencial demográfico consistiu na difusión social do natalismo. Unha ideoloxía caracterizada por agochar a emigración e culpar os vellos e as mulleres da pronta «morte de Galicia».

Fronte a isto, este libro é un exercicio de «historia crítica» que contrasta o pasado e o presente, o que foi e o que se nos di que é, e será, Galicia. O resultado amosa a enorme capacidade que a vellez e a emigración supuxeron para vertebrar a nosa historia, e xa que logo, para configurar o presente que estamos a vivir. Un presente que, coma o noso futuro, nada ten que ver con esa «morte de Galicia» predicada polos partidarios do natalismo.

